

V CROSS DE BOIRO

Distancia: 9000 metros (aprox).

Organiza: S.D. Barbantia Roda

Colaboradores: Jealsa Rianxeira, Concello de Boiro, Clínica dental Rebeca Ozores

V CROSS DE BOIRO

DATA E LUGAR

4 maio 2025.

Zona deportiva de Vista Alegre – Boiro.

O **4 de maio** celebrarase a **5ª edición do Cross de Boiro**, organizada pola **Sociedade Deportiva Barbantia Roda** e o **Concello de Boiro**, co patrocinio de **Jealsa Rianxeira**.

A proba terá lugar no **Concello de Boiro**, coa saída situada no **campo de fútbol de Vista Alegre**.

<https://www.google.es/maps/dir//42.6500493355237,-8.87038023175967>

HORARIOS DE SAÍDA

- **Categorías infantís:** a partir das **10:00 horas**
- **Categoría absoluta:** ás **11:00 horas**

O circuío terá unha distancia de **9 km (aprox.)** para a categoría absoluta.

CATEGORÍAS INFANTÍS:

- **Ideafix:** 4 a 5 anos → **100 metros**
- **Obélix:** 6 a 8 anos → **500 metros**
- **Astérix:** 9 a 11 anos → **1000 metros**
- **Panorámix:** 12 a 15 anos → **2500 metros**
- **Karabella:** 16 a 17 anos → **2500 metros**

Medalla para todas as categorías infantís.

CATEGORÍAS ABSOLUTAS

(Femininas e masculinas)

- **Sénior:** ata 34 anos
- **Veteranos/as A:** 35 a 54 anos
- **Veteranos/as B:** a partir de 55 anos

INSCRICIÓNS

- **Categorías infantís:** de balde
- **Categoría absoluta:** 8 €

Inscricións en: www.rockesport.com

PREMIOS

- **Trofeos para os/as 3 primeiros/as clasificados/as** nas categorías da carreira absoluta.
- **Medallas para todos/as os/as participantes** das categorías infantís.
- **Trofeo para os/as primeiros/as clasificados/as empadroados/as no Concello de Boiro.** (Este premio poderá acumularse cos premios por categoría. Requisito: estar empadroado/a en Boiro).

Haberá servizo de gardarroupa e duchas.

DESCUALIFICACIÓNS:

Será descualificado/a **calquera participante** que incumpra as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos da **Federación Galega de Atletismo (FGA)** e da **Real Federación Española de Atletismo (RFEA)** en vigor sobre probas en ruta.

A descualificación será determinada por **criterio da persoa xuíza árbitra da competición.**

Ao longo do percorrido, a organización establecerá controis para garantir o cumprimento das normas e a seguridade. Poderase descualificar a calquera participante que:

- Incumpra as normas da competición.

- Cometa algunha irregularidade que atente contra a seguridade individual ou colectiva.

RECLAMACIÓNS

As reclamacións sobre os resultados oficiais deberán formularse **verbalmente á persoa xuíza árbitra da competición, dentro dos 30 minutos seguintes á publicación dos resultados.**

PROHIBICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de:

- Vehículos alleos á organización.
- Bicicletas, patíns ou persoas non inscritas que poidan marcar ritmos, avituallar ou acompañar participantes.

ASISTENCIA MÉDICA

A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da súa finalización.

Os servizo médicos e a persoa xuíz árbitra da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO

Todos/as os/as participantes estarán cubertos/as por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos:

- Casos derivados de padecementos previos.
- Imprudencias ou incumprimentos da normativa.
- Accidentes ocorridos durante os desprazamentos ao lugar da proba ou desde el.

DEREITOS DE IMAXE

Coa inscrición, os/as participantes ceden os seus dereitos de imaxe á organización, que os empregará de acordo coa Lei de Protección de Datos, e sempre con motivos promocionais da competición..

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

A inscrición e participación implican a **aceptación do presente regulamento**.

En caso de dúbida ou de situacións non previstas, resolveranse segundo o criterio do **Comité Organizador** e a normativa da **FGA, RFEA e IAAF** en vigor.